

## Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

Documento	Expediente	Fecha
XUNTI01S		19-01-09 13:06

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/1/2009

27066DXUNTI01Uk

2 27066DXUNTI01Uk ` »

2 27066DXUNTI01Uk ` »

### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL NOVE

##### ASISTENTES:

D/D<sup>a</sup> MELCHOR ROEL RIVAS  
D/D<sup>a</sup> RAFAEL LUIS FERNANDEZ AMOR  
D/D<sup>a</sup> MARIA LOUREIRO GARCIA  
D/D<sup>a</sup> MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D/D<sup>a</sup> OLGA MARIA MENDEZ CARRO  
D/D<sup>a</sup> JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D/D<sup>a</sup> SARA MARTINEZ ALVAREZ

##### SECRETARIA:

D<sup>a</sup> SARA MARTÍNEZ ÁLVAREZ

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 18:00 do día 14 de xaneiro de 2009, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup> Sara Martínez Álvarez, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

#### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2009.

09.01.14/ACT.1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 17-12-08.

Informados do contido da acta da sesión ordinaria celebrada o día 17 de decembro de 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

## Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

Documento

XUNTI01S

Expediente

Fecha

19-01-09 13:06

### 2.- CORRESPONDENZA OFICIAL.

#### XUN/1/2009.- SERVICIO PROVINCIAL DE COSTAS SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA INSTALACIONES DE TEMPORADA

Dáse conta do escrito do Servizo Provincial de Costas, no que se informa sobre o prazo para solicitar as autorizacións para a explotación dos servizos de temporada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito á concelleira delegada de Turismo, Olga María Méndez Carro.

#### XUN/2/2009.- MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO INFORMANDO EN RELACION á PRESTACION DE SERVICIOS DE MANTEMENTO OU CONECTIVIDADE AO PROGRAMA RED.ES

Dáse conta do escrito da Entidade Pública Empresarial Red.es, do *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*, no que se comunica que os telecentros para os que transcorreran tres anos dende a instalación do Programa “Puntos de Acceso Público Rurales” poderán solicitar a prestación dos servizos de mantemento ou conexión ao Programa Red.es, nas condicións que se detallan no Anexo que se achega.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao Departamento de Informática.

#### XUN/17/2009.- PORTOS DE GALICIA PREGO DE CONDICIONS XERAIS POLAS QUE REXERANSE AS ACTIVIDADES COMERCIAIS DE POSTA A DISPOSICION DE MEDIOS MECANICOS EN PORTOS E INSTALACIONES PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTONOMA

Dáse conta do escrito de Portos de Galicia, no que se solicita diversa documentación para o cumprimento do Prego de Condicións xerais polas que se rexerán as actividades comerciais de posta a disposición de medios mecánicos en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia, ao obxecto de proceder á regularización da autorización do guindastre de 8 tn e do travel-lift GH35, situados no porto deportivo de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito á entidade “TURVIVEIRO, S.L.”.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

### 3.- ESCRITOS VARIOS

XUN/3/2009.- 33996865J MARTINEZ TIMIRAOS, MARCO ANTONIO  
PRESENTANDO ALEGACIONES A RESOLUCION SOBRE LICENZA DE  
ACTIVIDADE

Dáse conta do escrito de Marco Antonio Martínez Timiraos, con domicilio a efectos de notificación na C/Manuel de Falla, 18, 15173-Oleiros (A Coruña), no que formula alegacións en relación ao informe emitido con data 26-11-08, sobre o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento situado na R/Teodoro de Quirós, 13-baixo, no que se fai constar que se deberá tramitar unha nova licenza no caso de seguir interesado no exercicio da actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao Departamento de Obras/Urbanismo.

XUN/4/2009.- 33679301X FRANCO LOPEZ, CONSUELO  
SOLICITANDO A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse conta do escrito de Consuelo Franco López, veciña de Viveiro, con domicilio na R/Irmáns Vilar Ponte, 15, no que solicita a prestación da axuda no fogar, de luns a venres, en horario de mañá e tarde, 5 horas semanais.

Visto o informe emitido pola Traballadora Social da zona, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Consuelo Franco López, a prestación da axuda no fogar, de acordo cos seguintes contidos prestacionais:

- Contidos prestacionais: Limpeza do fogar, roupa, atencións puntuais...
- Aportación económica: Cota de mantemento, 6,36 €/mes.
- Duración do servizo: 4 horas/semana. 2 días.
- Revisión do mesmo: Semestral.

XUN/5/2009.- 33681900X COBELO SOTO, OLIMPIA  
SOLICITANDO A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse conta do escrito de Olimpia Cobelo Soto, veciña de Viveiro, con domicilio na R/Antonio Bas, 4-4ºB, no que solicita a prestación da axuda no fogar, en horario de mañá e tarde, 5 horas semanais, durante dous días.

Visto o informe emitido pola Traballadora Social da zona, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Olimpia Cobelo Soto, a prestación da axuda no fogar, de acordo cos seguintes contidos prestacionais:

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

- Contidos prestacionais: Limpeza do fogar, roupa, atencións puntuais...
- Aportación económica : Cota de mantemento, 6,36 €/mes.
- Duración do servizo: 4 horas/semana. 2 días.
- Revisión do mesmo: Semestral.

### XUN/6/2009.- ASOCIACION AYUDALE A CAMINAR SOLICITANDO UNHA AXUDA ECONOMICA

Dáse conta do escrito da Asociación “Ayudale a Caminar”, con domicilio social na C/Salustiano Olózaga, 3-1º, 28001-Madrid, no que solicitan unha axuda económica para poder continuar coas actividades que leva a cabo a dita entidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlles que non existe Orzamento aprobado para o ano 2009.

### XUN/843/2008.- 33831311J PEREZ GARCIA, MARIA SOL SOLICITANDO A NUMERACION DE VIVENDA

Dáse conta do escrito de María Sol Pérez García, veciña de Viveiro e con domicilio na R/Cemiterio-Casanova, s/n, da parroquia de Celeiro, no que solicita a asignación de número para a vivenda da súa propiedade situada no lugar indicado.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 29-12-08, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Asignar á vivenda propiedade de María Sol Pérez García o seguinte número de goberno: Calvario, 20.

2º.- Dar traslado do presente acordo á interesada, así como ao Departamento de Estatística aos efectos oportunos.

### XUN/844/2008.- VILLAR LOUZAO, CARMEN SOLICITA A ANULACION DE NOTIFICACIONES DE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO

Dáse conta do escrito de Carmen Villar Louzao, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Luhia, A Venta, s/n-Ortigueira (A Coruña), no que solicita a anulación dos recibos polo servizo de recollida do lixo, en relación á vivenda situada no lugar de Lamedada, 15, da parroquia de San Pedro, os cales figuran a nome do seu pai, Manuel Villar Vigo, xa que o titular dos mesmos faleceu e o inmovible atópase deshabitado.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 16-12-08, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

1º.- Anular os recibos obxecto da notificación practicada polo concepto do Servizo de recollida do lixo, a nome de Manuel Villar Vigo, en relación á vivenda situada no lugar de Lamaceda, 15, da parroquia de San Pedro.

2º.- Dar traslado do presente acordo á interesada, así como ao persoal encargado da tramitación de ditos expedientes, e á empresa "Aquagest, S.A."

### XUN/7/2009.- COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RECANTO DA POMBIÑA SOLICITANDO O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADOS

Dáse conta de José Luis Páramo Neyra, presidente da Comunidade de propietarios "Recanto da Pombiña", situado na Avda. de Vilalba, 15, no que solicita o cambio de titularidade das placas de pasaxe permanente que figuran a nome da sociedade "Nayrahouse, S.L."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Proceder ao cambio de titularidade das placas de pasaxe permanente que figuran a nome da sociedade "Neyrahouse, S.L.", pasando a nome da Comunidade de Propietarios "Recanto da Pombiña".

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para a súa tramitación.

### XUN/8/2009.- 33759803N SAN ISIDRO INSUA, MARIA EDUARDA PRESENTANDO ALEGACIONES AO PASEO MARITIMO DE COVAS-SACIDO A LA INSUA (VIVEIRO)

Dáse conta do escrito de María Eduarda San Isidro Insua, veciña de Viveiro e con domicilio na Avda. Navia Castrillón, 11-13-9ºA, no que solicita a actualización dos datos relativos ás parcelas da súa propiedade, as cales son obxecto de expropiación pola realización do proxecto de rehabilitación do entorno de A Insua e conexión peonil co Paseo Marítimo de Covas a Sacido, 2ª Fase; así como a realización dun novo replanteamento do Paseo, ou a anulación do proxecto, no caso de resposta negativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlle que a expropiación para a execución do proxecto de rehabilitación do entorno de A Insua e conexión peonil co Paseo Marítimo de Covas a Sacido, 2ª Fase é instada e tramitada polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.

Dar traslado do escrito ao Departamento de Obras/Urbanismo para a súa remisión ao Xefe do Servizo Provincial de Costas de Lugo.

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 38.- RFR		
<i>Documento</i> XUNTI01S	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-01-09 13:06

### XUN/9/2009.- 33768173X GARCIA LORENZO, MANUEL SOLICITANDO CAMION DE ZAHORRA PARA O ACONDICIONAMENTO DE PISTA EN CELEIRO

Dáse conta do escrito de Manuel García Lorenzo, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Calvario, 16, da parroquia de Celeiro, no que solicita un camión de zahorra para realizar o acondicionamento da pista que conduce ao cemiterio de dita parroquia, xa que se atopa en moi mal estado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito ao concelleiro delegado de Obras e Servizos Públicos, Jesús Antonio Fernández Cal.

### XUN/10/2009.- 33759698E FERNANDEZ EXPOSITO, PLACIDO SOLICITANDO A REVISION DE SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE FIANZA

Dáse conta do escrito de Plácido Fernández Expósito, veciño de Viveiro e con domicilio en Suasbarras, 34, da parroquia de Covas, no que solicita a revisión da súa petición de devolución de fianza por importe de 350 euros, en relación á construción dun edificio situado en Granxas, 68-70, indicando que a licenza urbanística corresponde ao expediente 175/2003.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 29-12-08, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Proceder á devolución da fianza solicitada por Plácido Fernández Expósito, por un importe de 350 euros.

2º.- Dara traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para a súa tramitación.

### XUN/11/2009.- ASOCIACION DE VECIÑOS O CELEIRIÑO SOLICITANDO ACTUACIONES A REALIZAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL

Dáse conta do escrito da Asociación de Veciños O Celeiriño, no que formulan varias propostas para a súa inclusión nos proxectos con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local, relacionando por orde de prioridade as seguintes:

1. Saneamento e pavimentación de O Celeiriño.
2. Saneamento e pavimentación da Rúa Grande,
3. Saneamento, pavimentación no camiño de acceso á Atalaia, así como nova iluminación para este barrio.
4. Finalización da iluminación xa iniciada en O Chao.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito á Alcaldía.

XUN/12/2009.- 33842480G MARTINEZ FERNANDEZ, CARLOS  
PRESENTADO RELACION DE OBRAS A REALIZAR NA PARROQUIA DE SAN  
ANDRES DE BOIMENTE

Dáse conta do escrito de Carlos Martínez Fernández, secretario da C.M.U.M.C. de San Andrés de Boimente, actuando en representación da mesma, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Reboira, 3, da parroquia de Boimente, no que solicitan a realización das seguintes obras:

1. O arranxo de dúas fontes públicas.
2. A posta e o servizo de 42 puntos de luz pública.
3. A colocación de 4 marquesinas, e
4. Espaltado dos vados do Centro Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito á Alcaldía.

XUN/13/2009.- MANCOMUNIDADE "LAMAS DE TOXO" DE SAN PEDRO DE  
VIVEIRO  
REMITINDO RELACION DE OBRAS PRIMORDIALES PARA A PARROQUIA DE  
SAN PEDRO DE VIVEIRO

Dáse conta do escrito da Xunta Rectora da Comunidade de Montes "Lamas de Toxo" de San Pedro, no que se achega unha relación de obras para a súa inclusión no Fondo Estatal de Inversión Local, as cales se consideran primordiales e necesarias para dita parroquia:

1. Saneamento e reforma da capela do cemiterio.
2. Acondicionamento do entorno da igrexa.
3. Saneamento integral da parroquia.
4. Alumeado público.
5. Saneamento do centro social parroquial.
6. Beirarrúas nos accesos ao campo de Naseiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito á Alcaldía.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

XUN/14/2009.- 76556770M CAO PAJON, MARIA ELIDA  
SOLICITANDO REHABILITACION DA ESCOLA DE SAN PEDRO CON CARGO AO  
FONDO DE INVERSION LOCAL

Dáse conta do escrito de María Élide Cao Pajón, presidenta da Asociación de veciños “Fontes Claras”, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sobrado, 6, da parroquia de San Pedro, no que solicitan a inclusión da rehabilitación da escola de San Pedro no Fondo Estatal de Inversión Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito á Alcaldía.

XUN/15/2009.- REGO CALVO, JOSE FRANCISCO  
SOLICITANDO O CAMBIO DE TITULARIDADE DE PRAZA DE TAXI NUM. 18

Dáse conta do escrito de José Francisco Rego Calvo, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Negradas, 8, da parroquia de Vicedo, titular da licenza de taxi Nº 18, con disfrute da mesma, de forma ininterrumpida, dende fai máis de vinte anos, no que solicita a súa transmisión a nome de Blas Casal Rolle, quen reúne a totalidade dos requisitos esixidos, segundo o establecido RD 763/79, que aproba o “Reglamento Nacional de los Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :

1º.- Transmitir a licenza de taxi Nº 18, a favor de Blas Casal Rolle, con domicilio na R/Constanza de Castro, 34-3º, xestionando a dita parada co vehículo, marca Citroën C-5, matrícula 7059 FTT, con tarxeta VT nº 05869187-6, en aplicación da Disposición Transitoria 4ª do RD 763/79.

2º.- Suxeitar a expedición da presente licenza á condición do pagamento de 1.018,80 euros, en concepto de transmisión da licenza, segundo o establecido no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 32, Reguladora da taxa por licenza de autoturismo e demais vehículos de aluguer.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, así como ao Departamento de Tesourería para a liquidación das taxas municipais correspondentes.



## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

### XUN/16/2009.- FRAGA MARTINEZ, REMEDIOS SOLICITANDO CONVOCATORIA DA MESA DE AVALIACION PARA A RESOLUCION E DAS BOLSAS DE ESTUDOS DO CURSO 2006/2007

Dáse conta do escrito de Remedios Fraga Martínez, funcionaria municipal, no que solicita se convoque a Mesa de Avaliación para a resolución das solicitudes de bolsas de estudos correspondentes ao curso académico 2006/2007, así como se proceda, no primeiro semestre do presente ano, á apertura do prazo para as bolsas de estudos do curso 2007/2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao Departamento de Persoal, así como ao Comité de Empresa, ao obxecto de fixar, coa concelleira delegada de Xestión Administrativa e Réxime Interno, a 1ª Tenente de Alcalde, María Loureiro García, o día para a convocatoria da Mesa de Avaliación das bolsas de estudos 2006/2007.

### XUN/18/2009.- 33824232H FERRO GONZALEZ, MIGUEL ANGEL SOLICITANDO RESPOSTA A ESCRITOS PRESENTADOS EN ABRIL E XUÑO DE 2008

Dáse conta do escrito de Miguel Angel Ferro González, veciño de Viveiro e con domicilio na R/Fernández Víctorio, 28, no que solicita se lle de resposta e solucións, á maior brevidade posible, ás alegacións presentadas con datas 29-04-08 e 12-06-08, en relación á rehabilitación da vivenda situada na R/Rosalía de Castro, 35.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado ao solicitante do informe emitido pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

### XUN/19/2009.- MARTÍNEZ RIVERA, GERMÁN SOLICITANDO COPIA DE LICENZA DE APERTURA

Dáse conta do escrito de Germán Martínez Rivera, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Pena, 52, da parroquia de Vieiro, no que solicita unha copia da licenza de apertura do local situado na C/Juan García Junceda, 25, ao obxecto de proceder á actualización da mesma.

Visto o informe emitido pola funcionaria encargada da tramitación dos expedientes de licenzas de apertura de establecementos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlle que nestes momentos estase a tramitar o cambio de titularidade da licenza de apertura do establecemento situado na C/Juan García Junceda, 25, a nome de Bouameur Belmeddah, ao que se lle requiriu

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

autorización do anterior titular da licenza, que segundo consta neste Concello foi María Rosa Méndez Fernández, na licenza outorgada pola Comisión de Goberno de 27-05-96.

O solicitante deberá aportar, polo tanto, a autorización da citada María Rosa Méndez Fernández, última titular de dita licenza de apertura.

**XUN/21/2009.- A15474281 R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. COMUNICANDO CAMBIO DE DENOMINACION DA EMPRESA PASANDO A DENOMINARSE R**

Dáse conta do escrito de Julio Sánchez Agrelo, en nome e representación da mercantil “R.Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.”, con domicilio a efectos de notificacións na C/Real, 85, A Coruña, no que realiza varias manifestacións de interese no uso das redes de infraestructuras de telecomunicacións xa existentes no municipio, na solicitude de informes sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións, e na expedición de certificados de idoneidade das infraestructuras de telecomunicacións executadas, ao obxecto de prestar servizo ao maior número de empresas e usuarios posibles neste Concello; e que este Concello se entenda coa mercantil **R**, como parte interesada, en todos os procedementos de planificación urbanística que se inicien.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao Departamento de Obras e Urbanismo, indicándolle que no período de exposición pública dos expedientes de planificación urbanística, “R.Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.” será quen, como entidade, deberá persoarse e presentar as alegacións que sexan do seu interese.

**XUN/22/2009.- B27276336 PRIMERA CALIDAD PROMOCIÓN DE VIVIENDAS, S.L. SOLICITANDO A DEVOLUCION DE CANTIDADE POLO CONCEPTO DO I.B.I./2008**

Dáse conta do escrito da entidade “Primera Calidad Promoción de Viviendas, S.L.”, con domicilio a efectos de notificacións na C/Eduardo Pondal, 20-Entlo.1, Foz, no que solicita: 1) A devolución de cantidade, por importe de 2.268,22 euros, en concepto do I.B.I./2008, en relación á finca con referencia catastral 2858123PJ1325N0001DB, por considerar que dita propiedade é de titularidade municipal, xa que corresponde a rúas como resultado da segregación da finca orixinal na que se construíron as urbanizacións “Indiano I” e “Indiano II”, segundo constan nos documentos de cesión, que deben estar en posesión deste Concello, e

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

2) O cambio de titularidade no Catastro, xa que dende fai tempo as ditas rúas son propiedade do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito:

- 1) Ao Departamento de Obras e Urbanismo para a comprobación dos motivos indicados.
- 2) Á persoa encargada da Oficina do I.B.I. Urbana para informe do Padrón.

#### 4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATACIÓN DE OBRAS.

09.01.14/ADX.1.- EXPTE.CT/2008/7.- "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CONSERVATORIO DE MÚSICA-FASE 2ª".

Visto o informe-proposta que obra no expediente CT/2008/7, emitido polo Servizo de Contratación, de data 30-12-08, sobre o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación da obra denominada: "Acondicionamento e mellora do Conservatorio de Música-Fase 2ª".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra denominada "Acondicionamento e mellora do Conservatorio de Música-Fase 2" á empresa "Villasuso Ortegale, S.L.", por un importe de 69.192,19 euros, dos que 9.543,76 euros correspondente ao IVE, e cun prazo de execución de 21 días (3 semanas).

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación para a súa notificación á empresa adxudicataria e á continuidade do expediente.

09.01.14/ADX.2.- EXPTE. CT 2008/10.- "ADECENTAMENTO E MELLORA DO CONTORNO DO CONVENTO DE VALDEFLORES".

Visto o informe-proposta que obra no expediente CT/2008/10, emitido polo Servizo de Contratación, de data 30-12-08, sobre o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación da obra denominada: "Adecantamento e mellora do contorno ao Convento de Valdeflores".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra denominada "Adecantamento e mellora do contorno ao Convento de Valdeflores" ás empresas "Villasuso Ortegale, S.L." e "Ferorsa Proyectos y Obras, S.L." UTE, por un importe de 133.860,95 euros, dos que 18.643,58 euros correspondente ao IVE, e cun prazo de execución de mes e medio.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación para a súa notificación á empresa adxudicataria e á continuidade do expediente.

### 5.- APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: "NOITES ALTERNATIVAS"

09.01.14/CT.- EXPTE. CT 2008/17.- NOITES ALTERNATIVAS

Visto o informe-proposta que obra no expediente CT/2008/17, emitido polo Servizo de Contratación, de data 09-01-09, en relación ao procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación do servizo denominado "Noites alternativas".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a formalización do servizo denominado "Noites alternativas", cun prezo de 40.000 euros, IVE incluído, e por un prazo de 8 meses.

2º.- Aprobar o gasto para o referido servizo, IVE incluído.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas e o de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade, tramitación urgente.

4º.- Iniciar o expediente de contratación mediante notificación a tres empresas propostas pola Alcaldía, invitándoas para a presentación de proposicións.

5º.- Dar continuidade ao expedientes ata a súa conclusión, incorporando ao mesmo a constitución da garantía definitiva e copia do contrato, así como de todos os documentos que sexan fundamentais para a súa correcta tramitación.

### 6.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

09.01.14/FACT.- APROBACIÓN DE FACTURAS

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01S

*Expediente*

*Fecha*

19-01-09 13:06

### 7.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

#### 09.01.14/GASTO.- APROBACIÓN DE GASTO POR DEMORA EN PRESENTACIÓN DE MÓDELO

Vista a proposta da Concellería de Facenda, de data 02-01-09, sobre a aprobación do gasto de 1.252,50 euros, en concepto de infracción leve por demora na presentación do modelo 347 do ano 2006 á Axencia Tributaria.

Resultando que no expediente consta informe emitido polo Departamento de Intervención, de data 02-01-09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 1.252,50 euros, en concepto de infracción leve por demora na presentación do Modelo 347 (Declaración anual de operacións con terceiros). Exercicio 2006, con cargo á partida 121.226.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería para a súa tramitación.

### 8.- ASUNTOS URXENTES

A proposta do Sr. Alcalde, e de conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 83, do R.O.F., a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda a urxencia e a continuación procédese a tratar os seguintes asuntos:

#### LICENZAS DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

Vistos os expedientes tramitados a instancia dos veciños que se dirán, que solicitan a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento neste municipio, cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e Texto Refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal; por delegación do Sr. Alcalde, outorgada por resolución de data de 19 de xuño de 2003, acorda conceder as licenzas que se solicitan, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figuran no expediente, ascendendo o importe á cantidade que se cita a continuación, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sen o cal as licenzas non producirán efecto ningún:

## Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

Documento

XUNTI01S

Expediente

Fecha

19-01-09 13:06

### 09.01.14/LAE.- EXPTE. 1/2009.- JOSÉ RAMÓN PARDO GARCÍA

Visto o expediente 01/2009, tramitado a instancia de José Ramón Pardo García, que solicita a regulamentaria licenza para proceder á apertura do local situado en Granxas, 59-baixo, da parroquia de Covas, destinado a “Carnicería”.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en consonancia coa correspondente Ordenanza, acorda conceder a licenza que se solicita, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade *de trescentos cincuenta e nove euros con setenta e sete céntimos (359,77 €)*, e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

### 09.01.14/OFE.- APROBACIÓN DE MEMORIAS DE OBRAS INCLUÍDAS NO FONDO DE INVERSIÓN ESTATAL, E CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

De conformidade co acordado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2008, na que se aprobou a relación de actuacións a incluír na solicitude de financiación das obras con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local (R.D. Lei 9/2008, de 28 de novembro).

Resultando que as Memorias se elaboran segundo os presupostos que figuran, e as datas previstas de adxudicación e previsión de persoas a ocupar na execución do proxecto, de conformidade co establecido na Resolución do MAP, de data 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

Vista a documentación que figura no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar a súa conformidade á relación de Memorias das obras que se relacionan a continuación e tramitar o interesado polo Departamento de Obras e Urbanismo, de conformidade coa Resolución citada.

NOME DO PROXECTO DE INVERSIÓN	DATA PREVISTA DE ADXUDICACIÓN	PREVISÓN DE PERSOAS A OCUPAR
Pavimentación e servizos no camiño de acceso á Atalaia (Celeiro)	22-04-2009	4
Rexeración do entorno do parque infantil de Lavandeiras (Celeiro)	22-04-2009	4
Remate das obras do centro socio-cultural de Celeiro (Casa do Forno)	29-04-2009	6
Saneamento da cuberta e dotación de vestiarios no Pavillón Polideportivo de Celeiro	29-04-2009	5
Creación de templete de abrigo no cemiterio parroquial de Celeiro	16-03-2009	3
Reforzo do alumeadado público en Celeiro	22-04-2009	2
Reforma do entorno da Igrexa de San Francisco	22-04-2009	4
Acondicionamento do centro cultural Praza Maior de Viveiro	22-04-2009	6

# Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

Documento	Expediente	Fecha
XUNTI01S		19-01-09 13:06

Acondicionamento e mellora do entorno do xardín de San Lázaro	22-04-2009	4
Pavimentación e servizos na R/Pastor Díaz de Viveiro	29-04-2009	6
Reforma do estanque e mellora do parque infantil no Parque municipal Pernas Peón	29-04-2009	4
Cubrición de gradas e reforma de vestiarios do Estadio municipal de Cantarrana	22-04-2009	4
Pavimentación e servizos das beirarrúas entre a Capela do Ecce Homo e a Avda. Cantarrana	29-04-2009	6
Acondicionamento do entorno do camping municipal de Viveiro	22-04-2009	4
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamento, alumeado e telecomunicacións no barrio de Escourido	16-03-2009	2
Creación dun centro socio-cultural en Galdo	29-04-2009	6
Pavimentación e servizos na casa social de Magazos	22-04-2009	4
Creación da ruta de senderismo "Muiños de Balea"	16-03-2009	2
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamento, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Magazos	22-04-2009	4
Construcción, adecuación, rehabilitación e mellora de edificios y equipamentos sociais, sanitarios, funerarios, educativos, culturais e deportivos na parroquia de Landrove	22-04-2009	4
Construcción, adecuación, rehabilitación e mellora de edificios e equipamentos sociais, sanitarios, funerarios, educativos, culturais e deportivos na parroquia de San Pedro	22-04-2009	4
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamentos, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Boimente	22-04-2009	4
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamentos, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Valcarria	22-04-2009	4
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamentos, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Chavín	22-04-2009	2
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamentos, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Vieiro	22-04-2009	4
Equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias de saneamentos, alumeado e telecomunicacións na parroquia de Faro	22-04-2009	2
Dotación de sinalización e promoción turística	22-04-2009	3

## 09.01.14/V.CEL.- APROBACIÓN DE TRANSFERENCIAS A VECIÑOS AFECTADOS DO "CELEIRIÑO"

Vista a proposta da Concellería de Facenda, de data 14-01-09, sobre a aprobación de transferencias a veciños afectados polos danos nas vivendas do barrio de "Celeiriño", en concepto de alugamentos aos seguintes beneficiarios:

Dolores Expósito Abad .....	170 €uros	Trinidad Fernández Soto .....	300 €uros
Carmen Sánchez Vázquez .....	500 "	Cándido González Rubal .....	200 "
José Casal Díaz .....	500 "	Eladio Franco Sánchez .....	696 "
Alicia Prieto Riveira .....	600 "	Rosa Emilia Teixeira Montero ..	450 "
Carlos M Vicente Rodríguez ....	450 "	Mª Mercedes Cruz Chaves .....	330 "
Asunción López Casal .....	160 "	Mª Mercedes Del Pozo Díez ....	300 "
Manuel Casariego Rodríguez ...	425 "	Jesús Vicente Vieira Franco ....	300 "
Mª del Carmen Fraga Martínez	300 "	Francisco Alonso Miguez .....	325 "

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
38.- RFR

*Documento*

XUNTI01U

*Fecha*

21-01-09 07:56

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar as transferencias aos veciños relacionados anteriormente, afectados polos danos nas vivendas do barrio de "Celeiriño", en concepto de alugamentos.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería para a súa tramitación.

E ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 19:08 horas da data indicada máis arriba, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.